

PREGUNTAS FRECUENTES

Neste apartado preténdese responder as dúbidas poden xurdir durante o proceso de selección. Este documento ampliarase, de ser necesario, durante o transcurso do proceso.

1.- Solicitudes

O prazo de solicitudes remata o 10 de febreiro de 2023. É importante non esquecer sinalar no impreso de solicitude o número exacto de folios que se presentan, entre os que hai que contar o propio impreso de solicitude.

Neste momento inicial do proceso a documentación acreditativa pode presentarse mediante copia simple.

2.- Pago

O pagamento da taxa poderase efectuar de dous xeitos diferentes:

- a través do impreso de autoliquidación –modelo AI–, en calquera das [entidades financeiras colaboradoras](#) na recadación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- de forma telemática, accedendo á Oficina Virtual Tributaria da Axencia Tributaria de Galicia <https://ovt.atriga.gal/inicio> e seguindo a ruta *Cidadáns > Pago telemático de taxas e prezos > Iniciar taxa* podendo optar por:
 - un pagamento telemático que xeraría un modelo 730,
 - ou presencial que xeraría un modelo 731, a ingresar na entidade bancaria.

Datos para o pago:

Consellería: 08 ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

Delegación: 13 SERVICIOS CENTRAIS

Servizo: 09 AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

Taxa: 300302 INSCRIPCIÓN NAS OPOSICIÓNNS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Obxecto de pago: CONCURSO PERSOAL AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN.

Unha vez cubertos os datos anteriores, a plataforma da a opción de pago telemática ou de descargar o modelo de autoliquidación para efectualo pago de forma presencial nunha entidade financeira colaboradora.